

UTILIZACIÓN DO SERVIZO “PROXECTO BIBLIOTERAPIA”

Os libros do proxecto Biblioterapia estarán incluídos no [Catálogo BICO](#), no que aparecerá a descrición bibliográfica dos libros e a súa localización.

Para utilizar o servizo de préstamo de libros dentro do proxecto Biblioterapia, é necesario estar dado de alta na base de datos de lectores do catálogo BICO. Para proceder ao alta, o persoal das bibliotecas solicitará os seguintes datos:

Nome e apelidos do usuario/lector

E-mail

Teléfono ou teléfono móbil

Dirección

A validez do alta na base de datos será por 2 anos renovables. A solicitude do alta na base de datos implica a aceptación por parte do solicitante das normas que rexen o funcionamento da biblioteca.

Colección de libros para o préstamo

O usuario terá á súa disposición unicamente o fondo de libros do proxecto Biblioterapia. Estar dado de alta na base de datos de lectores en BICO non dá dereito a ter datos de usuario e contrasinal para facer transaccións a través da base de datos.

As solicitudes e renovacións do libro poderán facerse por teléfono ou por correo electrónico e a recollida farase de forma presencial na biblioteca correspondente, mostrando o DNI.

Un vez dado de alta cada usuario poderá levar en préstamo 2 libros por un prazo de 15 días.

O atraso na devolución dos documentos dará lugar á suspensión do dereito de utilización do servizo por un tempo equivalente á demora.

O usuario faise responsable do material que utilice. En caso de deterioro ou perda, quedará obrigado á súa reposición. Se a obra estivese esgotada, débese substituír por outra de características similares.

A biblioteca realizará, de acordo cos medios e recursos dispoñibles, reservas dun máximo de 2 libros por usuario. A reserva manterase como mínimo 48 horas.